

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022/2023

**DEPARTAMENTO DE DEBUXO
CPI COVA TERREÑA**

XEFA DO DEPARTAMENTO: TANIA GONZÁLEZ TELLA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
1.1. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	2
2. OBXECTIVOS DA ETAPA.....	3
3. COMPETENCIAS CLAVE.....	5
4. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL, 2º CICLO, 4º ESO.....	10
4.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	10
4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	16
4.3. PROCEDEMENTOS.....	22
4.4. ACTITUDES.....	23
4.5. METODOLOXÍA.....	24
4.5.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.....	25
4.5.2 SECUENCIACIÓN HABITUAL DE TRABALLO NA AULA.....	25
4.5.3 OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS.....	26
4.5.4 RECURSOS DIDÁCTICOS.....	27
4.5.5 NORMAS DA AULA.....	27
5. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.....	29
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO SEGUNDO CICLO DE ESO (4º ESO)	30
ERROR! BOOKMARK NOT DEFINED.1 AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO.....	32
6.2. RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.....	32
<u>6.3 CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TUTORÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL</u>	<u>33</u>
7. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	34
8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	34
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	35
10. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E Á COMUNIDADE ESCOLAR DO CONTIDO DA PRESENTE PROGRAMACIÓN.....	35
11. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN / PRÁCTICA DOCENTE.....	36
12. AVALIACIÓN INICIAL.....	37
CONCEPTO	
OBXECTIVOS	
DESTINATARIOS	
TEMPORALIZACIÓN	
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	38

1. Introducción e contextualización

A Educación plástica e visual dentro da Educación Secundaria enténdese como o ámbito de desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa para comprender as formas e a súa expresión.

Desenvolvendo e fomentando a capacidade observadora e traballando os recursos procedimentais (instrumentos e técnicas) conseguiremos a expresión do pensamento de forma visual e gráfico-plástica.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes facilmente transmisibles a través dos medios de comunicación. Estas constitúen un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade e poden ser un medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poda acadar un criterio propio. Así mesmo o auxe das novas tecnoloxías fai necesario que dotemos aos alumnos do coñecemento destas linguaxes propias que lle permita utilizalas sen o risco de perder a súa individualidade.

A metodoloxía desta materia debe estar baseada nun método creativo e práctico. Dotaremos aos alumnos dos conceptos e técnicas de traballo mediante explicacións teóricas, proxeccións audiovisuais, presentación directa de obras, obxectos ou materiais, visitas a exposicións, museos, etc. O método, fundamentalmente práctico, contemplará unha avaliación inicial que verifique o nivel inicial do grupo e de cada un dos integrantes, continuará con unha fase de motivación e estimulación que presente os obxectivos a alcanzar como un fin accesible e interesante para o alumnado e determinará as actividades necesarias para conseguilo. Finalmente a avaliación será construtiva e continua.

A seguinte organización de contidos pretende un sistema de aprendizaxe continuo que proporcione ao alumnado unha formación integral no ámbito da linguaxe visual e artística e da representación técnica.

1.1. Referencias normativas

A presente programación foi confeccionada a partir das seguintes referencias normativas:

- Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 13 de xullo) e na Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG do 12);

- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria e na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.
- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato (DOG do 23/06/2008). Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obrigatoria y el bachillerato, *BOE*, 25, 29.01.2015
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, 120, 29.06.2015.
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos da etapa

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. Competencias clave

En relación coas capacidades que os alumnos e alumnas deben desenvolver para poder aplicar os diferentes contidos con éxito e acadar os obxectivos propios da etapa, as diferentes materias do departamento participan do xeito descrito en cada unha das táboas que compoñen os seguintes apartados. Recollemos aquí a listaxe que despois aparecerá abreviada:

- CCL: Comunicación lingüística.
- CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CD: Competencia dixital.

- CAA: Aprender a aprender
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC: Conciencia e expresións culturais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Nesta área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica así como o afondamento en aspectos espaciais da realidade e da súa representación gráfica. Tamén na área se adestran procedementos relacionados co método científico, como son: a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida en que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

No caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia ao ámbito audiovisual e multimedia, dándolle especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas, para a creación de producións audiovisuais.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

- Empregar distintas fontes para a busca de información.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural. Xa que se pon a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra parte, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e é capaz de expresarse a través da imaxe.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico- técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito co
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica. Na medida en que as producións artísticas se poden presentar como traballo en equipo,

sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra parte o fomento da creatividade na aula, leva a valorar diversos enfoques e propia

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área colabora en boa medida na adquisición do sentido de iniciativa e do espírito emprendedor xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Este proceso sitúa o alumnado ante un feito que o obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Os descritores que adestraremos son:

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no arredor que outros non aprecian.

Aprender a aprender

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os descritores que adestraremos son:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

4. Educación Plástica, Visual e Audiovisual, 2º CICLO, 4º ESO4.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
4º	EPVA	a d g n	EPVA-B1.1-A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	EPVA-B1.1. -Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	4º-EPVAB1.1.1-Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. [CCEC]
4º	EPVA	adgn	EPVA-B1.2-Leis da composición EPVA-B1.3-Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. EPVA-B1.4-Cor como ferramenta simbólica.	EPVA-B1.2-Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	4º-EPVAB1.2.1-Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. [CCEC] 4º-EPVAB1.2.2-Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. [CCEC] 4º-EPVAB1.2.3-Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. [CCEC]
4º	EPVA	bcegn	EPVA-B1.5-Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. EPVA-B1.6-Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e	EPVA-B1.3-Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	4º-EPVAB.1.3.2-Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. [CCEC]

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. EPVA-B1.7-Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.		CSIEE CAA CD] 4º-EPVAB1.3.1-Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. [CSIEE CCEC]
4º	EPVA	bcegn	EPVA-B1.8-Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación co-lectiva). EPVA-B1.9-Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa..	EPVA-B1.4-Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	4º-EPVAB1.4.1-Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. [CSIEE CCEC]
4º	EPVA	dfln	EPVA-B1.10-Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. EPVA-B1.11-Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	EPVA-B1.5-Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	4º-EPVAB1.5.1-Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. [CSIEE CCEC] 4º-EPVAB1.5.2-Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen. [CSIEE CCEC]
4º	EPVA	gno	EPVA-B2.1-Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. EPVA-B2.2-Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división	EPVA-B2.1-Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	4º-EPVAB2.1.2-Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico [CAA CMCT] 4º-EPVAB2.1.3-Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. [CAA CMCT]

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			<p>da circunferencia.</p> <p>EPVA-B2.3-Tanxencias e enlaces.</p> <p>EPVA-B2.4-Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.</p>		<p>4º-EPVAB2.1.4-Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. [CAA CMCT]</p>
4º	EPVA	bfgo	<p>EPVA-B2.5-Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</p> <p>EPVA-B2.6-Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</p> <p>EPVA-B2.7-Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p>EPVA-B2.8-Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p>EPVA-B2.9-Perspectiva cónica central.</p> <p>EPVA-B2.10-Perspectiva cónica oblicua.</p> <p>EPVA-B2.11-Análise das</p>	<p>EPVA-B2.2-Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.</p>	<p>4º-EPVAB2.2.1-Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. [CAA CMCT]</p> <p>4º-EPVAB2.2.2-Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. [CAA CMCT]</p> <p>4º-EPVAB2.2.3-Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. [CAA CMCT]</p> <p>4º-EPVAB2.2.4-Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. [CAA CMCT]</p>

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			posibilidades da posición do punto de vista.		
4º	EPVA	beio	EPVA-B2.12-Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. EPVA-B3.3-Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.	EPVA-B2.3-Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	4º-EPVAB2.3.1-Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. [CAA CMCT]
4º	EPVA	dfhl	EPVA-B3.2-Fases do proceso de deseño. EPVA-B3.3-Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos EPVA-B3.4-Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	EPVA-B3.1-Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	4º-EPVAB3.1.2-Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. [CCEC]
4º	EPVA	cegi	EPVA-B3.5-Campos de aplicación do deseño.	EPVA-B3.2-Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	4º-EPVAB3.2.1-Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. [CSIEE CCEC]
4º	EPVA	befi	EPVA-B3.6-Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. EPVA-B3.7-Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. EPVA-B3.8-Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas	EPVA-B3.3-Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	4º-EPVAB3.3.1-Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. [CSIEE CCEC] 4º-EPVAB3.3.2-Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. [CSIEE CCEC] 4º-EPVAB3.3.3-Realiza composicións creativas

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			do deseño. EPVA-B3.9-Informática ao servizo dos proxectos de deseño. EPVA-B3.10-Planificación dun proxecto artístico.		e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. [CSIEE CCEC] 4º-EPVAB3.3.4-Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB3.3.5-Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras [CSIEE CCEC]
4º	EPVA	ahnñ	EPVA-B4.1-Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. EPVA-B4.2-Realización dun storyboard.	EPVA-B4.1-Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	4º-EPVAB4.1.1-Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB4.1.2-Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. [CSIEE]
4º	EPVA	e l n o	EPVA-B4.3-Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. EPVA-B4.4-Criterios estéticos na elaboración de fotografías. EPVA-B4.5-Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	EPVA-B4.2-Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	4º-EPVAB.4.2.2-Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB4.2.1-Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB4.2.3-Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. [CD CSIEE CCEC]

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
4º	EPVA	a e f g	EPVA-B4.6-Creación dixital de imaxes. EPVA-B4.7-Deseño dun proxecto publicitario. EPVA-B4.8-Desenvolvemento dun proxecto persoal.	EPVA-B4.3-Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	4º-EPVAB4.3.1-Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB4.3.2-Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. [CD CSIEE CCEC] 4º-EPVAB4.3.3-Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. [CAA CD CSIEE CCEC]
4º	EPVA	a c d f h n o	EPVA-B4.9-Análise crítica da linguaxe publicitaria.	EPVA-B4.4- Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	4º-EPVAB4.4.1-Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. [CD CSIEE CCEC]

4.2 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Contidos mínimos esixibles

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
EPVA-B1.3	4º-EPVAB.1.3.2 - Utiliza con propiedade os materiais e os P máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. Peso: 3.03%	Utiliza de xeito acertado materiais e P para expresarse gráficamente e mantén o seu espazo de traballo en perfecto estado.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCEC CSIEE CAA CD
EPVA-B4.2	4º-EPVAB.4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. Peso: 3.03%	Realiza fotografías con criterios estéticos.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B1.1.	4º-EPVAB1.1.1 - Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. Peso: 3.03%	Realiza composicións artísticas empregando elementos da linguaxe plástica e visual.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CCEC
EPVA-B1.2	4º-EPVAB1.2.1 - Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. Peso: 3.03%	Realiza composicións en base a esquemas de movementos e ritmos aplicando as leis de composición.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CCEC
EPVA-B1.2	4º-EPVAB1.2.2 - Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Analiza as liñas de forza dunha imaxe nun traballo.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as.	CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	Peso: 3.03%					I: Traballo de aplicación e síntese.	
EPVA-B1.2	4º-EPVAB1.2.3 - Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. Peso: 3.03%	Sabe cambiar o significado dunha imaxe por medio da cor.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CCEC
EPVA-B1.3	4º-EPVAB1.3.1 - Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. Peso: 3.03%	Utiliza os materiais idóneas na realización das composicións artísticas.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CSIEE CCEC
EPVA-B1.4	4º-EPVAB1.4.1 - Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. Peso: 3.03%	Aplica as fases do proceso de creación artística na creación de proxectos.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CSIEE CCEC
EPVA-B1.5	4º-EPVAB1.5.1 - Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. Peso: 3.03%	Sabe explicar o proceso de creación dunha obra artística e sabe analizar os soportes, materiais e técnicas gráficas e compositivas que se necesitan.		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CSIEE CCEC
EPVA-B1.5	4º-EPVAB1.5.2 - Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. Peso: 3.03%	Sitúa obras de arte estudadas no período ao que pertencen.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CSIEE CCEC
EPVA-B2.1	4º-EPVAB2.1.2 - Resolve problemas sinxelos	Constrúe cuadriláteros e polígonos	X			P: Probas específicas.	CAA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico Peso: 3.03%	dados algúns dos elementos principais e utiliza con precisión as ferramentas de debuxo técnico.				I: Proba obxectiva.	CMCT
EPVA-B2.1	4º-EPVAB2.1.3 - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. Peso: 3.03%	Resolve problemas de tanxencias e enlaces.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CAA CMCT
EPVA-B2.1	4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais. Peso: 3.03%	Realiza deseños persoais utilizando formas xeométricas planas.	X			P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. Peso: 3.03%	Pode visualizar formas tridimensionais definidas polas súas vistas diédricas.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. Peso: 3.03%	Debuxa vistas diédricas de figuras tridimensionais.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. Peso: 3.03%	Debuxa perspectivas de formas tridimensionais tanto en perspectiva cónica coma axonométrica.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CAA CMCT
EPVA-B2.2	4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. Peso: 3.03%	Debuxa perspectivas cónicas frontais e oblicuas e elixe o punto de vista máis adecuado.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CAA CMCT

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
EPVA-B2.3	4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. Peso: 3.03%	Utiliza a aplicación informática requirida para facer deseños xeométricos sinxelos.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CAA CMCT
EPVA-B3.1	4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. Peso: 3.03%	Utiliza a linguaxe visual e verbal na observación e análise dos obxectos do contorno.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. Peso: 3.03%	Utiliza formas xeométricas organizándoas no plano en deseños propios.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Producións plásticas.	CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. Peso: 3.03%	Planifica e pon en práctica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. Peso: 3.03%	Realiza composicións con exactitude, destreza, orde e limpeza.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CSIEE CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. Peso: 3.03%	Emprega as TIC na realización dun proxecto.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B3.3	4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras Peso: 3.03%	Planifica os pasos na realización das composicións plásticas e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	X			P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CSIEE CCEC
EPVA-B4.1	4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. Peso: 3.03%	Analiza tipos de planos cinematográficos.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.1	4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. Peso: 3.03%	Realiza un storyboard a modo de guión dunha película.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CSIEE
EPVA-B4.2	4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. Peso: 3.03%	Sabe identificar e analizar planos angulacións e movementos de cámara en películas cinematográficas.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.2	4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. Peso: 3.03%	Analiza imaxes de prensa.			X	P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. Peso: 3.03%	Emprega as TIC na elaboración de imaxes dixitais.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e	CD CSIEE CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
						síntese.	
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. Peso: 3.03%	Realiza un proxecto publicitario.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.3	4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. Peso: 3.03%	Realiza un proxecto persoal.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CAA CD CSIEE CCEC
EPVA-B4.4	4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. Peso: 3.03%	Analiza elementos publicitarios correctamente.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CD CSIEE CCEC
EPVA-B3.2	4º-EPVAB32.1 - Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. Peso: 3.03%	Sabe identificar e clasificar obxectos en función da súa rama do deseño.		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.	CSIEE CCEC

4.3 Procedementos

- Análise dos distintos procedementos de percepción.
- Realización de composicións baseándose nunha mesma figura sobre fondos diferentes.
- Localización de exemplos de distintos efectos visuais.
- Construción de exemplos propios que apliquen as ilusións ópticas máis coñecidas.
- Análise subxectiva e obxectivo de imaxes. Posta en común das apreciacións.
- Seleccionar imaxes en función das distintas clasificacións da imaxe.
- Crear imaxes propias manipulando outras xa existentes.
- Facer coleccións de publicidade gráfica en función de distintos criterios: Utilización da cor, destinatario da mensaxe, relación texto-imaxe, roles sociais, etc. . .
- Realizar análise e comentarios de anuncios publicitarios. Valorar a súa creatividade, efectividade, veracidade, falsidade, etc...
- Elaboración de mensaxes publicitarias propias, utilizando imaxes xa existentes ou de propia creación.
- Análise do erotismo e do sexo na publicidade.
- Visualización de fotografías de distintos tipos. Análise e valoración estética destas.
- Análise e estudio dos fundamentos dunha cámara fotográfica.
- Tomar fotografías de distinto tipo utilizando a maior variedade de cámaras posible. Retrato, paisaxe, acción, reportaxe, etc. Efectuar exemplos da mesma toma con diferentes diafragmas e velocidades.
- Manipulacións de brillo, contraste e encadre mediante software informático.
- Realizar as distintas fases dun guión cinematográfico. Idea, literario, técnico.
- Realización dun Story-board dun relato propio.
- Realizar un Story-board resumido dunha longametraxe.
- Visualización de fragmentos de películas para o estudio da planificación. Apreciar o valor expresivo de cada tipo de plano.

- Visualización de fragmentos de películas para distinguir os movementos de cámara e as angulacións así como o seu valor expresivo.
- Utilización da cámara de vídeo para practicar os cambios de eixe e a continuidade.
- Realización en equipo dun curto con guión, planificación e montaxe propios.
- Visualizar traballos cinematográficos de distinto tipo: científico, publicitario, ficción, educativo, etc. Valorar e distinguir a distinta utilización dunha mesma linguaxe.
- Visualización dunha longametraxe escollida ao efecto para facer unha análise crítica dos distintos aspectos que o compoñen: guión, realización, interpretación, música, fotografía, etc.
- Realización láminas de debuxo técnico.
- Observación e análise de figuras en tres dimensións
- Emprego das TIC na representación de figuras xeométricas

4.4 Actitudes

- Actitude crítica e razoada sobre calquera mensaxe ou comunicación.
- Valorar os procesos creativos e os seus resultados.
- Sensibilización de cara á manipulación das imaxes de calquera natureza.
- Tendencia á análise obxectiva das mensaxes visuais.
- Sensación de maior liberdade e independencia con respecto ás mensaxes publicitarios.
- Apreciar a fotografía como arte. Apreciar as súas posibles aplicacións en diferentes campos e a súa importancia no mundo gráfico-plástico actual.
- Apreciar a necesidade de forzar a nosa creatividade para obter fotografías de maior orixinalidade e mellor calidade plástica.
- Valorar a programación ordenada e meticulosa das distintas fases dun traballo complexo.
- Valorar positivamente o traballo en equipo "imprescindible" para levar a bo termo calquera traballo cinematográfico.
- Apreciar a necesidade da coordinación entre os distintos grupos ou persoas que interveñen nun determinado proceso de traballo.

- Ser conscientes da influencia que se pode exercer mediante a manipulación das imaxes.
- Apreciar a beleza do cinema e a fotografía como artes.
- Tendencia á limpeza, a orde e a pulcritude no traballo.
- Apreciar a axuda dos compañeiros e ofrecer a propia cando fose necesario.
- Respectar as quendas de palabra nos coloquios e postas en común. Respectar as opinións alleas.
- Interese pola orixinalidade.
- Valoración da imaxe (fixa, ou en movemento) como auténtica protagonista do mundo da comunicación na actualidade.

4.5 Metodoloxía

Ante todo ha de terse en conta que a educación é un proceso construtivo, que partindo da actitude mantida polo profesorado e o alumnado ha de permitir a aprendizaxe significativa. O alumnado é o propio protagonista do seu proceso de aprendizaxe pois el mesmo modifica os seus esquemas de coñecemento. Ao profesorado correspóndelle o papel de guía e orientador/a poñendo fronte ás experiencias previas e os coñecementos xa adquiridos polo alumno, novas experiencias e contidos.

Partindo da concepción **constructivista**, o alumno ha de saber utilizar os seus coñecementos de modo real, ben utilizándoos na súa aplicación práctica ou como base para adquirir outros novos.

O desenvolvemento dos contidos e a consecución dos obxectivos farase a partir dunha metodoloxía **activa**, onde os principios fundamentais serán **aprender a ver** e **aprender a facer**. O que se traduce en potenciar nos alumnos a capacidade de apreciar o seu ámbito visual (tanto o natural como o de creación humana) e saber expresar as súas ideas, vivencias e sentimentos por medio da linguaxe visual e plástica. O DCB establece tres fases principais no proceso: **Motivación**, potenciando a curiosidade do alumno e polo tanto o seu interese en traballar determinados temas. **Observación e recollida de datos**, motivada polo propio interese dos alumnos; aínda que o profesor ha de promover o contacto directo coa natureza, potenciando a observación de diferentes medios e contornos. Finalmente **Análise e desenvolvemento**, fase na que todas as informacións e datos recollidos son traducidos en formas e imaxes visuais e plásticas, que han de ser analizadas e entendida establecéndose así os conceptos fundamentais que o estudante aprende, e tamén a terminoloxía específica que se desprende de coñecementos adquiridos e á súa aplicación

en técnicas de traballo. Baseándose no dito, poderíamos establecer como resumen os seguintes criterios metodolóxicos:

Criterio operativo:

Que responde aos principios fundamentais xa citados de saber ver e saber facer, que están suficientemente explicados.

Criterio de motivación:

Que busque a conexión cos intereses dos alumnos e as súas necesidades. Mostrando a utilidade e finalidade das aprendizaxes.

Criterio de dificultade:

De modo que as secuencias de contidos han de organizarse comezando polos de carácter máis básico e concreto. Especialmente se han de ser necesarios para afrontar outros contidos.

Criterio de secuenciación cíclica:

De aplicación solo para aqueles contidos dos cales a complexidade faga recomendable a súa programación en distintos niveis e en diferentes cursos.

4.5.1 Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso das TIC. Sempre e cando a situación o permita.
- Papel facilitador do profesor/a.

4.5.2 Secuenciación habitual de traballo na aula

Información do profesor/a: clase expositiva (lección maxistral con exemplos) e formulación de preguntas. Estes dous métodos serán un referente común en todas as unidades xa que

existen unha serie de contidos conceptuais que o alumno/a debe coñecer e, para iso, seranlle transmitidos, por unha banda, por exposición oral do profesor/a, e por outro, por medio de preguntas que fagan pensar a devanditos alumnos/as e deducir desa maneira, por lóxica, certos contidos e respostas, tanto de forma individual como de grupo, a través das respostas doutros/as compañeiros/as.

Ademais, realizarase unha lectura comprensiva dos contidos do tema en voz alta para todo o grupo, tentando por medio de preguntas, que ditos contidos queden claros mediante razoamentos individuais e grupais do alumnado.

Procurarase que o alumnado empregue, de ser posible, e na medida que as actividades o precisen, os recursos TIC.

Información complementaria para reforzo e apoio.

Información complementaria para afondamento e ampliación.

4.5.3 Outras decisións metodolóxicas

Espazos

Aula onde se imparte a materia / Aula TIC

Materiais

Libros de texto variados

Fotocopias

Páxinas web especializadas na materia

Recursos TIC: presentacións en power point, vídeos didácticos, etc.

Material funxible e de préstamo da aula de Debuxo

Material que debe aportar o alumno

Xogo de regras

Compás

Folios A4

Lapis de grafito HB

Rotuladores e lápices de cores

Estilógrafo

Goma e afilador

Témperas (cores primarios, blanco e negro) e 2 pinceis

Libreta /archivador (apuntamentos) e cartafol DIN A4

Material de refugallo e revistas

4.5.4 Recursos didácticos

Libros de texto.

Libro dixital da E-DIXGAL

Fotocopias

Recursos TIC: ordenador e canón

Páxinas web:

<http://www.educaciónplastica.net/>

<http://www.artehistoria.jcyl.es/>

<http://www.educared.org>

<http://recursostic.educacion.es/artes/plastic/web/cms/> <http://www.smconectados.com>

<http://www.profes.net>

<http://www.librosvivos.net>

<http://www.dibujofacil.com>

<http://www.profesordedibujo.com>

4.5.5 Normas na aula

Limpeza e orde

-Respecto ao uso de material do centro:

a) Asignarase un espazo a cada alumno/a do cal non se moverá e deberá facerse responsable. Ó rematar a súa hora de clase deberá quedar limpo (sen restos de goma de borrar, manchas de lapis ou de pintura, etc.).

c) Os alumnos /as que lle corresponda a última sesión do día na aula debe recoller as cadeiras pondoas encima da mesa.

d) Se se precisara nalgún momento puntual material da aula de plástica para uso do alumnado, deberá ser proporcionado polo profesor ó mesmo, e ser devolto no mesmo estado.

e) Cando se produza un problema co material haberá que comunicalo canto antes ao profesor/a para evitar calquera tipo de accidente ou malentendidos.

-Respecto ao uso do material propio:

a) É obrigatorio ter sempre na aula todo o material necesario para o desenvolvemento da clase e en boas condicións.

O non cumprimento da norma anterior suporá un aviso. A acumulación de 3 avisos suporá a comunicación do feito aos pais incidindo negativamente na nota final da avaliación. De continuar reincidindo nesa falta eso poderá supoñer poñer unha amoestación por escrito.

b) Os traballos e láminas deberán estar presentados do modo máis limpo posible (sen manchas nin engurras) e no prazo estipulado. O non cumprimento pode levar á repetición do traballo ou que non se admita ou a un descenso na nota final.

c) Non se debe usar de modo inadecuado o material, aínda que sexa propio.

d) Se se necesita afiar débese facer na propia mesa en nun momento axeitado tirar á papeleira.

Normas de conducta

- Respecto ao comportamento na aula

a) Sempre que se queira dirixir ao profesor profesor/a ou pedir quenda de palabra deberá facerse en silencio levantando a man e esperar ata ser atendido.

b) Ninguén poderá levantarse da súa cadeira sen permiso previo por parte do profesor/a.

c) A non ser que a situación requírao, o levantamento realizarase gradualmente dun en un.

d) Non se debe gritar, molestar aos compañeiros, comer, tirar calquera cousa ao chan,

lanzar obxectos (tirachinas, avións de papel, bolitas de papel, etc.), nin traer teléfonos móbiles nin calquera obxecto tecnolóxico como MP3, MP4, PSP, etc. (as normas de réxime interno recollen o tipo de sanción ante o non cumprimento desta norma).

e) A falta de puntualidade reiterativa respecto da asistencia á aula poderá supor unha amonestación escrita co conseguinte aviso aos pais.

f) Non se recollerá o material nin se pode levantar a cadeira para irse ata que o profesor/a de por terminada a sesión.

g) Non se pode ir ao baño salvo casos especiais.

5. Instrumentos para a avaliación

A **avaliación formativa** é aquela que nos permite axustar o proceso de ensino ao de aprendizaxe do alumno. A avaliación será **continua**, é dicir, constante e durante todo o proceso didáctico. Debe potenciar a reflexión e o sentido crítico do alumnado a través da autoavaliación así como a do profesorado. Así mesmo, a avaliación formativa supón unha intervención inmediata mediante actividades de ampliación ou corrección. Tamén pode supoñer unha modificación da metodoloxía nalgúns casos, e cambios nas actitudes da profesora ou modificacións do programa. A avaliación formativa non é sancionadora, senón que ha de axudar ao alumno a conseguir mellor e mais facilmente o seu progreso na aprendizaxe. En consecuencia os instrumentos para a avaliación serán moi variados, podendo resumirse segundo o esquema seguinte:

- **Observación sistemática:** Permítenos fixarnos nos argumentos do alumno nos debates, na planificación, nos traballos en grupo, nas súas expresións verbais, na súa actitude cara aos demais, a súa capacidade de traballo, etc.
- **Análise das producións do alumno:** Monografías, resumos, traballos de investigación, exercicios prácticos sobre explicacións previas, etc.
- **Actuacións orais do alumno:** Diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas, etc.
- **Probas específicas:** Probas obxectivas, probas obxectivas ampliadas (polo xeral comezan con expresións como, reflexiona, xustifica, razoa, etc.), exposición dun tema, resolución de exercicios propostos, etc.
- **Auto avaliación:** Debe conseguirse que o alumno faga unha valoración do seu propio traballo individual e colectivo.

- **Co avaliación:** Reflexión conxunta do profesor e o alumno (ben individualmente ou en pequenos grupos) sobre o proceso de aprendizaxe, para melloralo e adaptalo ás circunstancias reais de cada alumno ou do grupo.

6. Criterios de cualificación no segundo ciclo de eso (4º ESO)

Cualificarase, en todo o traballo realizado e en toda posible proba escrita, atendendo a estes tres bloques: CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES.

As porcentaxes coas que se cualificará cada bloque serán dun 40% os conceptos, un 40% os procedementos e un 20% as actitudes.

Os **conceptos** cualificaranse nos traballos presentados guiándose dos seguintes criterios:

- A adecuación entre as premisas formuladas para cada traballo e a resposta realizada.
- A creatividade, orixinalidade e dificultade nos traballos prácticos realizadas.
- A elaboración e presentación de bosquexos por cada traballo formulado.

Os **procedementos** cualificaranse atendendo aos seguintes criterios:

- Valorarase a destreza e habilidade manual.
- A limpeza e orde na presentación.
- Manexo e adecuación ao traballo das técnicas empregadas.

As **actitudes** cualificaranse segundo os seguintes criterios:

- Presentación dos traballos na data indicada.
- A achega do material necesario á aula para a elaboración dos traballos; A falta de material poderá penalizarse restando ata un 30% da nota.
- Interese e motivación positiva cara á asignatura.
- Comportamento respectuoso cara aos compañeiros, a profesora e ás instalacións do centro.
- A colaboración e o traballo realizado nos proxectos grupais ou de centro.

Ademais a **nota de cada avaliación** obterase de acordo aos seguintes criterios:

Levarase a cabo unha avaliación formativa e continua, usada habitualmente como medio visual de aprendizaxe.

O alumnado aprende a través do seu traballo, nas actividades correspondentes. Motivo polo cal o traballo na aula ocupa a maior parte do tempo. O docente o que fará será observar, axudar, corrixir, indicar, potenciar e estimular este traballo a través das indicacións persoais e diarias sobre o desenvolvemento das láminas do alumnado. Este último descobre os logros e deficiencias en canto se producen, de modo que se poden superar canto antes.

As orientacións ao alumnado estarán destinadas á mellora e á axuda, non a poñer nota.

En último lugar levarase a cabo unha avaliación sumativa.

Recolleranse periodicamente as láminas e traballos desenvolvidos polo alumno/a, tanto de forma individual como en grupo, ao acabar o desenvolvemento de cada unidade didáctica. Devanditos traballos serán cualificados e devoltos a cada alumno/a coa nota e correccións correspondentes para, se é o caso, volver a ser resoltos.

- Cada lámina ou traballo de clase cualificarase cunha nota numérica entre 1 e 10.
- As probas ou exames puntuaranse cunha nota numérica entre 0 e 10.

*En cada un destes puntos anteriores a nota debe ser 4 ou superior, e o redondeo será a partir do .75, que pasará a ser un punto por riba (exemplo: $5.60=5$ e $5.75 = 6$)

- Para recuperar a 1ª avaliación esixirase a realización dunha serie de traballos que se deberán entregar antes da finalización da 2ª avaliación.
- Para recuperar a 2ª avaliación esixirase a realización dunha serie de traballos que se deberán entregar antes da finalización da 3ª avaliación.
- A 3ª avaliación, atendendo a que é unha materia eminentemente práctica, non terá recuperación antes de xuño.

6.1. Avaliación final de xuño

A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións de cada trimestre e un reflexo do traballo xeral do alumno/a ao longo de todo o curso, así como do nivel acadado no aproveitamento dos contidos, consecución de obxectivos, estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias básicas. Pero ademais como a materia ten carácter progresivo, a evolución dun alumno ao longo de todo o ano será tida en conta.

Para poder facer dita media numérica cada avaliación deberá estar aprobada cun mínimo dun 5 sobre 10.

O alumno ou alumna que **non superase** algún trimestre e non o teña recuperado no tempo marcado, terá que realizar unha serie de traballos que se encomendarán e presentarse, no prazo establecido para a recuperación da materia, a unha proba teórico-práctica sobre os contidos (de cada trimestre suspenso) dados ao longo do curso.

De ser necesario, facilitaráselle ao alumnado algúns traballos similares aos feitos ao longo do curso que lle sirvan de práctica e lle axuden a recuperar máis facilmente a materia.

6.2 Recuperación da materia pendente

Os alumnos e alumnas que promocionen de curso coa materia pendente recibirán un plan de traballo para recuperala no curso seguinte. Convocarase unha reunión por trimestre co fin de facilitar a información.

O plan de traballo incluírá unha listaxe de exercicios e acordarase a posibilidade de reunirse co profesor ou profesora encargado para resolver dúbidas, previa cita, preferentemente no tempo de lecer. Acadarase cualificación positiva sempre que se responda positivamente ás entregas atendendo aos mesmos criterios de avaliación correspondentes ao curso do que se está a examinar o alumno/a.

Deberán respectarse as datas límite de entrega e non se recollerán traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada. De non ser suficiente o traballo realizado, o profesor ou profesora que fai seguimento poderá establecer unha data para a realización dunha proba escrita.

En maio farán unha proba escrita da totalidade dos contidos da materia. A nota final será unha media ao 50% da parte práctica (cartafois) e a parte teórica (proba maio)

De superaren estas dúas partes daráselle por superada a materia deixando de quedarlle pendente.

* Aos alumnos/as que presenten os boletíns adecuadamente feitos avaliaráselle desta forma:

- 50% da nota: boletíns de exercicios.
- 50% da nota: proba escrita (facéndolle media cos exercicios sempre que nesta parte saque un mínimo de 4 puntos)

* Ao alumnado que non entregue os boletíns de exercicios avaliaráselle soamente pola proba escrita de maio, que deberá chegar, como mínimo, a un 5 na puntuación para aprobar.

Na avaliación ordinaria de xuño responderase do mesmo xeito que os alumnos e alumnas que cursan a materia, tendo que presentar una lista de traballos e superar o exame correspondente.

Os contidos mínimos que deberán superar son os mesmos que se especifican para o nivel ao que se presenta.

7. Accións de educación en valores e contribución ao plan de convivencia

A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias a traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais. A expresión plástica e visual de emocións e vivencias relacionadas cos dereitos e liberdades cívicas pode ser un espazo apropiado ao coñecemento e a reflexión sobre situacións de gran valor formativo desde unha perspectiva social afectiva e moral.

Ademais, o traballo nunha aula específica que se comparte entre diferentes grupos implica seguir un conxunto de normas específicas en prol da boa convivencia na mesma que reflicte nos demais espazos. A limpeza e a orde son claves neste sentido.

8. Accións de contribución ao proxecto lector e proxecto lingüístico do centro

Faremos lecturas que empregaremos como tema para realizar un exercicio concreto, por exemplo a ilustración de fábulas, de poemas ou de contos.

Proporcionaremos un listado de lecturas de literatura xuvenil ao alumnado relacionadas cos temas artísticos e valoraremos a súa lectura coa posibilidade de subir a nota final de xuño.

Traballos de investigación na ESO sobre artistas ou movementos, de xeito que o alumnado consulte diferentes fontes de información (libros, páx. web, documentos audiovisuais) e faga unha lectura comprensiva profunda dos mesmos.

9. Actividades complementarias e extraescolares

Para este curso académico 2022/2023, as actividades complementarias e extraescolares desenvolveranse en función da situación sanitaria e das recomendacións da Consellería de Educación. Deste xeito, procuraremos dar cabida nas aulas ás conmemoracións por medio de actividades que sirvan para poñer en valor esas datas sinaladas.

Ademais participarase nos seguintes proxectos de innovación educativa:

- Participación no proxecto “Clase sen fume”.
- Participación no Plan Proxecta denominado “Proxecto terra: O patio escolar”.

Desde o departamento de Debuxo organizaranse concursos en datas sinaladas para o alumnado.

Saída e visita a algún museo ou sala de exposicións da contorna

10. Información ao alumnado e á comunidade escolar do contido da presente programación

De acordo co establecido pola Orde do 19 de maio de 2021, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar a información básica relativa á programación desta área, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e procedementos de avaliación que se van utilizar. Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, a programación estará a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro educativo e na cortiza do centro escolar. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha síntese da programación na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma. Ademais, as primeiras sesións de clase do curso se lle explicará ao alumnado as seguintes cuestións:

- Obxectivos da materia.
- Contidos que se van a desenvolver e metodoloxía que se vai a utilizar.
- Materiais e recursos educativos que se van a utilizar e os que necesitan ter ou mercar.
- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.

- Criterios de cualificación e mecanismos de avaliación que se van a utilizar (por escrito).
- Plan para a recuperación de materias pendentes.
- Mecanismos existentes para a reclamación en caso de desconformidade coa cualificación obtida.

11. Procedemento e indicadores para avaliación da propia programación / práctica docente

Durante o curso, e dentro das reunións de departamento, realizaremos un seguimento do desenvolvemento da programación, quedando reflectidas as modificacións realizadas e as xustificacións oportunas.

A nivel oral comentamos cos nosos alumnos e alumnas os resultados, como foi o desenvolvemento das aulas, se lles interesaron a nivel xeral as propostas e que lles gustaría que cambiásemos de cara ao próximo curso (baseado, claro está, na súa propia experiencia). Así suxiren modificacións dalgún dos traballos de aula, ou do peso dos exames que será tido en conta de cara ao vindeiro curso.

Na memoria de final de curso reflectiranse aspectos relativos á avaliación da presente programación que terán que ver cos seguintes aspectos.

Para a avaliar a programación teremos en conta os seguintes apartados:

- Contempla os obxectivos, contidos e criterios de avaliación xerais da área.
- Se os contidos, obxectivos e criterios de avaliación son coherentes en canto a cantidade.
- Secuencia de contidos ao longo da etapa.
- Define os criterios metodolóxicos.
- Define os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
- Contempla as medidas ordinarias de atención á diversidade.
- A programación é coherente co proxecto curricular.
- A programación toma en consideración o emprego das TIC.

En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación:

- Os obxectivos e contidos programados para cada un dos niveis foron os adecuados e están contextualizados en relación co nivel de desenvolvemento e de competencia do alumnado.
- As unidades de traballo se desenvolven en espazo de tempo suficiente.
- A secuenciación de contidos facilita o repaso e asimilación.
- Establece uns mínimos de suficiencia nos criterios de avaliación adecuados
- As actividades desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contidos e os diferentes modos de aprendizaxe.
- As actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade.

En relación ca metodoloxía:

- O profesorado sempre fai unha introdución ao tema.
- O profesorado orienta individualmente o traballo dos alumnos.
- Na aula utilízanse diferentes materiais de apoio.
- Na aula utilízanse materiais de elaboración propia.
- Parte das actividades se realizan en grupo.
- Aténdese á diversidade dentro do grupo.
- Dependendo do tipo de actividade empregamos un ou outro espazo na aula según as necesidades de materiais equipamento.
- Harmonízase o traballo de aula e o de casa.

12. Avaliación inicial

Concepto

Instrumento básico para a detección de alumnos/as con necesidades de apoio e/ou reforzo, xa sexa por atraso académico ou dificultades de aprendizaxe.

Contribúe ó coñecemento do alumnado por todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a adaptación da programación de aula e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumno así como a avaliación dos coñecementos previos nas áreas curriculares.

Obxectivos

- Coñecer ó alumnado de cada grupo e os seus niveis curriculares de partida.
- Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.
- Poñer en común e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.
- Informar ao profesorado de cada grupo das características e necesidades dos alumnos así como das medidas de atención á diversidade que se aplicarán ó longo do trimestre ou curso.

Destinatarios

Deberase realizar en todos os cursos do ensino obrigatorio e pos obrigatorio, en todas as materias, e terá un carácter máis exhaustivo e coordinado nos cursos de ESO.

Temporalización

Deberá realizarse ó inicio de curso, e deberá estar rematada antes de finais de Outubro. No caso de alumnos que se incorporen unha vez comezado o curso, a avaliación inicial farase no momento da súa chegada.

En cada materia avaliarase o desenvolvemento das competencias clave previas dos alumnos na súa área mediante os procedementos e probas que o departamento estime oportunos.

13. Medidas de Atención á diversidade

Unha vez levada a cabo a avaliación inicial e detectado o nivel do alumno/a e as súas dificultades de aprendizaxe, iranse adoptando unha serie de medidas de atención á diversidade que permitirán a todos os alumnos progresar na adquisición das capacidades desta etapa educativa.

En cada unidade didáctica teremos en conta:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

Como medidas de atención á diversidade destacaremos as seguintes:

- As adaptacións curriculares: deseñaranse tendo en conta os criterios e obxectivos da etapa, e adaptados ás necesidades do alumno.
- Tarefas de reforzo educativo cando algún alumno/a precise afondar na adquisición dunha estratexia de aprendizaxe, concepto ou procedemento, a través dunha introdución máis básica, unha secuenciación de traballo máis lenta ou un reforzo de exercicios.
- Tarefas de ampliación para alumnos/as que admitan máis “input” del tipo que sexa, a través dunha selección e ampliación de actividades.

En Baiona, setembro de 2022

Asdo: Tania González Tella

Xefa do Departamento de Debuxo

CPI Cova Terreña